



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS OITENTA E SETE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA ONCE DE XUÑO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do once de xuño de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luís Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Alicia Martínez González, D. José Angel Lodeiro Cancela, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Juan Jose Rodríguez Grandal, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. Consuelo Besada Lores e D. Gregorio L. Agís Gómez. Escusan a non asistencia a Concelleira D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro e a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesiós en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3820.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 4/2013: CRÉDITO EXTRAORDINARIA FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓNS.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 20 de maio de 2013 e que di o que segue: "3º,- Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 7 de maio de 2013, da Memoria e Providencia da Alcaldía de data 3 de maio de 2013 e do informe da interventora municipal de data 7 de maio de 2013.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que ven motivado pola existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para o que non existe crédito no vixente Orzamento do exercicio 2013, segundo queda xustificado na Memoria que se xunta ao expediente os cales poden ser financiados con baixas no capítulo I do estados de gastos e debido á existencia de crédito non comprometido en diversas aplicacións deste capítulo do Orzamento.

Ante a necesidade de dotar crédito para os gastos que se mencionan na Memoria da Alcaldía para os cales non existe crédito suficiente e adecuado co fin de levar a cabo o cumprimento de compromisos se propón:" Primeiro: levantar o reparo emitido pola interventora municipal con

relación á modificación orzamentaria nº 4/2013 con relación ás facturas que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario. Segundo: proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº4/2013, mediante crédito extraordinario financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 12.725,57€. Terceiro: que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable."

A Comisión por 2 votos do B.N.G., ningún voto en contra e 1 abstención do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a Proposta da Alcaldía."

Non suscitándose debate ningún, sometido a votación ordinaria, por dez votos a favor (8 do grupo municipal BNG e 2 do grupo municipal PSOE) e cinco votos en contra (5 grupo municipal PP) o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: levantar o reparo emitido pola interventora municipal con relación á modificación orzamentaria nº 4/2013 con relación ás facturas que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario.

Segundo: proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº4/2013, mediante crédito extraordinario financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 12.725,57€.

Terceiro: que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable

3821.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 5/2013: SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIAS NOUTRAS.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 20 de maio de 2013 e que di o que segue: " 4º.- Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 9 de maio de 2013, Memoria e Providencia da Alcaldía de data 6 de maio de 2013 e do informe da interventora municipal de data 8 de maio de 2013.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que existen facturas correspondentes ao exercicio 2013 pendentes de recoñecemento por falta de crédito para a súa aprobación e pola necesidade de dotar de crédito para a realización de gastos en aplicacións do capítulo II do estado de gastos (bens correntes e servizos).

Existindo crédito dispoñible en diversas aplicacións do capítulo I do estado de gastos e entendendo como prioritarios a realizar os gastos mencionados por tratarse de compromisos adquiridos mediante a se propón realizar un suplemento de crédito en ditas aplicacións procedendo a minorar mediante baixas o crédito noutras aplicacións.

Ante a necesidade de dotar crédito para os gastos que se mencionan na Memoria da Alcaldía para os cales non existe crédito suficiente e adecuado co fin de levar a cabo o cumprimento de compromisos adoptados se propón:" Primeiro: levantar o reparo emitido pola interventora municipal con relación á modificación orzamentaria nº 5/2013 en relación ás

facturas emitidas por un importe total de 87.495,18 €, que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito. Segundo: proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº5/2013, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 100.841,69€. Terceiro: que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.

A Comisión por 2 votos a favor do BNG, 2 abstención do P.P. e ningún voto en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a Proposta da Alcaldía.”.

Non suscitándose debate ningún, sometido a votación ordinaria, por dez votos a favor (8 do grupo municipal BNG e 2 do grupo municipal PSOE) e cinco votos en contra (5 grupo municipal PP) o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: levantar o reparo emitido pola interventora municipal con relación á modificación orzamentaria nº 5/2013 en relación ás facturas emitidas por un importe total de 87.495,18 €, que se pretenden aprobar coa realización da modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito.

Segundo: proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº5/2013, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 100.841,69€.

Terceiro: que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.

3822.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE BONIFICACIÓN ICIO EXP. 14 A/10.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 20 de maio de 2013 e que di o que segue:”...Dáse conta o expediente tramitado a instancia de D. Diego Piñeiro Gómez, expte. núm. 14A/2010 consistente en “Proxecto Técnico rehabilitación de vivenda entre medianeiras-fase 2-proxecto complementario de adición de soportal” situada entra Rúa San Roque núm. 71 e Rúa do Mar núm. 23 de Combarro”, mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o día 28 de febreiro de 2013, solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e que se lle devolva o que corresponda.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 18 de abril de 2013.

A Comisión por unanimidade, de conformidade có sinalado no indicado precepto, acordou ditaminar favorablemente a declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 14A/2010, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro e a aprobación da bonificación do 95% na cota do ICIO devengada”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 14A/2010, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

Segundo.- Prestar aprobación a aplicación da bonificación do 95% na cota do ICIO devengada.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao interesado con indicación do réxime de recursos.

Con carácter previo ao inicio do seguinte punto da orde do día a secretaria solicita do Alcalde o uso da palabra para os efectos previstos no art. 94.3º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Da conta da entrega con data 28 de maio de 2013 con carácter previo á celebración da sesión ordinaria plenaria, aos voceiros dos grupos municipais dunha copia do informe emitido de data 28 de maio de 2013 a petición da comisión informativa de facenda, gobernación e contas a propósito da petición de Anova Irmandade Nacionalista de declarar a D. Mariano Rajoy como persoa non grata.

No referido informe do que igualmente se deu conta ao alcalde, realiza distintas consideracións sobre o concepto de moción, o seu tratamento e límites aos que deben de suxeitarse.

Dende a súa entrega o contido das mocions no se ten modificado ou reformulado, polo que o informe segue a manter a súa vixencia.

No mesmo, lémbrese ademais, a diferenza entre as declaracións de vontade e aquelas que producen efectos xurídicos e por tanto deben someterse ás mesmas regras aplicables aos actos administrativos, debendo observarse, entre outras, as normas sobre competencia e respecto a outros dereitos fundamentais, xa que o dereito á libre expresión ou á participación nos asuntos públicos non son absolutos.

3823.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E PSOE REXEITANDO O REPAGAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES. Ábrese o exame deste punto da orde do día pola secretaria dando lectura ao ditame adoptado pola Comisión informativa de cultura, educación e deportes en sesión ordinaria realizada o 10 de abril de 2013: **"A Presidenta e portavoz do grupo municipal do BNG, expón a Comisión a seguinte:**

MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E DO P.S.O.E REXEITANDO O REPAGAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Municipal do P.S.O.E. do Concello de Poio, desexa someter a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 12, deste mes de marzo, o goberno do PP na Xunta de Galiza deu a coñecer un novo recorte no dereito á educación dos galegos e galegas cunha medida que afecta directamente ao alumnado do noso país.

O goberno do PP anuncia a ampliación do copago do servizo de comedor escolar, cun incremento nas taxas que limita o acceso a unha gran parte dos alumnos/as e encarecendo notablemente o uso dos comedores, con criterios estritamente economicistas.

O PP por voz do seu Conselleiro de Educación utiliza o argumento de que "pague máis o que máis ten" para estender e endurecer un repago polo uso dos comedores escolares nun novo ataque á clase media traballadora polo uso dun servizo básico educativo. Esta medida suporá, por exemplo, que moitas familias con dous fillos teñan que pagar 198€ polo uso do comedor no vindeiro mes de abril do ano 2014.

Esta decisión carga sobre as precarias economías das familias a obriga de facer fronte ao pago dunha parte importante deste servizo. Un servizo necesario para garantir un dereito fundamental como é o Dereito á Educación que, con esta imposición do goberno do PP, vén a deteriorar o ensino público no que respecta ao servizo de comedores escolares.

Esta actuación do goberno do PP na Xunta de Galiza evidencia a súa despreocupación polo ensino público, provocando o seu deterioro polos sucesivos recortes dos últimos anos: recortes no número de profesores e profesoras; recortes nos orzamentos dos centros; recortes nas axudas para libros, nas axudas para bibliotecas, atrasos nas transferencias económicas para comedores escolares, recorte no servizo de comedores, empeoramento das condicións socio-laborais do profesorado, recortes nos servizos de normalización lingüística e unha longa cadea de despropósitos que deterioran un servizo público básico da sociedade.

Pola contra, todos estes recortes no ensino público contrastan cos 240 millóns de subvención ao ensino concertado, cos 3 millóns de euros de subvención para centros que segregan ao alumnado por razón de xénero e que o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galiza declarou ilegal.

O repago nos comedores escolares é un paso máis na desigualdade no acceso aos servizos públicos ao que seguirán outras medidas, coa mesma lóxica argumental, como o do repago no transporte escolar.

Por iso, o grupos municipais do BNG e do PSOE solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Manifestar o total rexeitamento do Concello de Poio ao repagamento do servizo de comedor que pretende establecer a Xunta para o vindeiro curso, por ser un novo machadazo ás clases medias traballadoras.

2. Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.

3. Instar á Xunta de Galiza a ampliar o servizo de comedor gratuíto ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.

Poio, a 4 de abril de 2013.

Asdo: A voceira do BNG_Silvia Díaz Iglesias, a voceira do PSOE_Mª Consuelo Besada Lores"

O portavoz do PP, Angel Moldes manifesta que xa é hora de que os membros do BNG de Poio, gobernen con certa autonomía e non acaten todo. Recórdalles que foi o goberno do bipartito quen instalou o copago e con datos enriba da mesa son incapaces de concretar que se vai pagar mais agora que antes.

Di que o PP di que vai seguir subvencionando os centros concertados e cando gobernaron vostedes: BNG e o Psg-PSOE, vostedes non dixeron non vamos a subvencionar os centros concertados. Reclámalles falta de valentía política.

Indica que así como os concelleiros e concelleiras do PP e outras persoas do ámbito público sofren ataques persoais, por facer uso da educación en centros privados ou concertados non se critica a súa elección.

A Presidenta e portavoz do BNG, Silvia Díaz contesta que os do BNG deste concello son soberanos nas súas opinións, sobrepasando a autonomía da que o portavoz do PP di que carecen.

Indica que cada un é libre de decidir o xeito de educar os seus fillos, os lugares e o tipo de educación que quere para eles ou as súas circunstancias persoais, pero que non se pague con cartos públicos. Reclama ao concelleiro do PP que non faga demagogia e que se deixe de facer alusións a persoas sen dicir o nomes votando sospeitas e sombras.

O portavoz do PP, recórdalle que tampouco foron capaces de conseguir o apoio unánime da Federación Galega de ANPAS.

Logo dun amplo debate, a portavoz do BNG, fai un rogo dirixido ao portavoz do PP, Ángel Moldes; dicíndolle:

“NO momento en que vaia a verter calquera tipo de infamia, que se asegure de si ten probas de algunha tipo, e senón que se as reserve para si mesmo e a súa conciencia”.

Sometida a votación a presente moción aprobábase con 4 votos a favor do BNG, e 3 en contra do PP, pasando a mesma a deliberación do Pleno da Corporación.”

Inicia o debate a voceira do grupo municipal BNG, rexeitando a medida adoptada Xunta de Galicia e que ven a mostrar o desprezo do Partido Popular por todo o público e a visión que mantén dos mesmos como negocio. Máis non é un criterio económico o que motiva a base da reforma tal e como se motiva na moción, convivindo coa concesión de 240 millóns de euros para o ensino concertado.

A continuación intervéñen D^a Consuelo Besada quen se suma ás declaracións efectuadas por D^a Silvia Iglesias e ao propio texto da moción suscrita. O Partido Popular está a aproveitar o contexto de crise para desmantelar o sector público e aplicar a política da selva. O máis forte se come ao máis débil, pero o león come cando ten fame e o Partido Popular non ten medida, e agora lle toca aos nenos de Galicia, mandándoos a un rincón a comer co taper. É unha vergonza aínda que ao PSOE non lle sorprende.

Máximo cando noutras comunidades autónomas están dano de comer gratis a nenos sen recursos.

Rematada a súa intervención, o voceiro do grupo municipal PP pregunta se coñecen canto paga unha familia en paro en Poio polo comedor escolar? 4,98 euros e tras a reforma, non van a ter que asumir custe ningún. Polo que se pregunta de novo que é o que non entenden. O criterio seguido é progresivo e fixa importes por debaixo dos que aprobou o bipartito. A partir de aí, poden seguir co discurso de clase.

Tras unhas breves palabras de D^a Consuelo Besada e D^a Alicia Martínez, toma a palabra D. Xosé Luis Blanco para dirixirse a D. Ángel Moldes e lle pregunta se ten datos de verdade ou é como o do porto de Raxó que o desmentiu despois o Presidente de Portos. Se o bo é que estean os pais en paro, mal por canto os comedores son en principio para

os que traballan. Pregúntalle ademais se ten probas para poder dicilo diante das ANPAS.

Respóstalle D.Ángel Moldes que por que non fala é do código do barredor e insiste en que o que lles pasa, é que lles fastidia a medida. Son responsables do que din: so as familias que sobrepasen os 1.500,00 euros, pagarán 2,50 euros. Se cando comece o curso non se cumpre, entón volverán a falar.

D. Xosé Luis Blanco di que entón tome nota a Comunidade Madrileña, por que en Galicia vamos a ser uns privilexiados. E engade que el non insultou a ninguén.

D.Xulio Barreiro pregunta se os prezos están publicados en algún sitio?

D^a Consuelo Besada afirma que se é así lle transmite as súas felicitacións e espera que non sexa como o das gratuidades dos libros.

Toma a palabra D^a Lidia Salgueiro para comentar cos asistentes que en servizos sociais se hai pais que se queixan de que agora estaban pagando o dobre.

A continuación intervén novamente D. Xulio Barreiro para estender as felicitacións coa advertencia de que de non ser así o tema volverá ao Pleno e se lles pedirá que o seu grupo vote en contra ou rectifique.

D^a Alicia Martínez comenta igualmente que a ela tamén lle chegaron as queixas, máis se é verdade o que di o voceiro do grupo municipal do PP, mellor por que o importante é o ben para os nenos.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, o Pleno por dez votos a favor (8 do grupo municipal BNG e 2 do grupo municipal PSOE) e seis votos en contra (6 grupo municipal PP), adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Manifestar o total rexeitamento do Concello de Poio ao repagamento do servizo de comedor que pretende establecer a Xunta para o vindeiro curso, por ser un novo machadazo ás clases medias traballadoras.

Segundo.- Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galiza a ampliar o servizo de comedor gratuíto ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.

3824.- ESCRITO DA FANPA E MOCIÓN CONXUNTA DO BNG-PSOE SOBRE A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DE MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA (LOMCE).- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 20 de maio de 2013 e que di o que segue: "Dáse conta do escrito de data 23 de abril de 2013 do Vicepresidente da FANPA Pontevedra para ANPAS dos CEIP de Poio en contra da aprobación da LOMCE e da moción conxunta do BNG e do PSOE sobre a retirada do Anteproxecto de Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) e que tras unha ampla exposición de motivos solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

"1. Retirar o Anteproxecto de Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).

2. Abrir o proceso de diálogo para a análise das necesidades e os

obxectivos, mediante un documento aberto de traballo de obxectivos e diagnóstico.

3. No centro deste debate estará a Comunidade Educativa, Consello Escolar do Estado, os Consellos Escolares Autonómicos, expertos educativos, as Comisións de Educación no Congreso e no Senado, os Parlamentos Autonómicos, a FEMP e a Conferencia Sectorial de Educación."

A Comisión por 4 votos a favor do BNG. Ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación".

Inicia o debate D^a Alicia Martínez e transmite aos membros corporativos que a LOMCE se autodefine como unha lei para crear persoas empregables no mercado libre. Hoxe no pleno non hai público.

O grupo municipal PP non ten respecto ningún ás ANPAS xa que os invitaron a unha mesa redonda e declinaron a invitación pese a súa composición plural. Tampouco asistiu o representante da Consellería. Parécelle unha descortesía.

No 2º Anteproxecto da LOMCE aínda se amplía e acrecenta máis os aspectos negativos "que van en contra do ensino público GALEGO", e que supoñen unha involución no marco normativo educativo actual... Marco normativo que o BNG entende que se debe cambiar e mellorar pero nunha dirección totalmente contraria á trazada pola Lei WERT.

A continuación realiza unha breve enumeración das razóns para rexeitar a reforma educativa: invade competencias das comunidades autónomas, supón unha recentralización educativa, ditadura no uso do castelán, regresiva no uso das linguas cooficiais. O galego estaría por detrás da relixión e do inglés. É clasista. A xente do BNG e do PSOE é respectuosa pero hai que mirar polos máis desfavorecidos, garantir unha educación pública para todos, e se se recorta eses nenos non van a poder estudar.

Critica o sistema de reválidas que pretenden conducir ao abandono e ao fracaso escolar (FP), con dificultades de aprendizaxe ou con necesidades educativas específicas. Estas reválidas pretenden promover un sistema educativo segregacionista: Mentres as maiorías non chegarán á universidade só se promoven as minorías socialmente favorecidas.

Todo o traballo pedagóxico, didáctico e de desenvolvemento curricular estará, única e exclusivamente orientado en preparar ao alumnado para superar unha reválida.

Nada importa a formación integral do alumnado; nada importan os dereitos laborais e profesionais do profesorado, a supresión da xestión democrática dos centros, as necesidades educativas específicas do alumnado nin o seu dereito a educación.

O profesorado é un mero títere e o director non é elixido polo claustro. Prima o ensino privado e concertado fronte ao público. É totalmente confesional e intenta garantir e legalizar os concertos educativos nos centros que segregan o alumnado por razón de xénero, a pesares de que o Tribunal Supremo sentenciou a "Ilegalidade de establecer concertos educativos con este tipo de centros".

Para o BNG resulta preocupante a actitude do Goberno Galego que actúa como delegado do ministro WERT e non como máxima autoridade educativa que está obrigado a velar polas competencias en materia educativa e por garantir que o alumnado galego remate os estudos con total competencia na lingua galega.

Neste momento entra no salón de sesións D. Javier Domínguez.

Remata a súa intervención reiterando novamente por qué non está de acordo coa LOMCE e destaca algunha das razóns fundamentais: Mercantilista e reaccionaria porque pretende introducir no ensino a ideoloxía neoliberal; Recentralizadora e españolizadora porque nega a realidade Galega no ensino; Elitista e Clasista porque pretende seleccionar ao alumnado expulsando aos sectores máis desfavorecidos da sociedade; Agresiva co Profesorado porque lles recorta dereitos laborais e profesionais; Antidemocrática porque elimina a xestión democrática dos centros e contempla a creación de categorías nos mesmos; Confesional e contraria a un ensino laico; Unha lei que pon en perigo o dereito universal á educación.

A continuación toma a palabra D^a Consuelo Besada e declara que a LOMCE e a medida lexislativa en materia de educación máis regresiva dos últimos corenta anos. Prima a relixión e supón unha mostra máis de que o PP non é democrático e fai unha imposición sen importarlle as manifestacións en contra, facendo uso da súa maioría absoluta, desmantelando a educación pública e aplicando o que a eles lles gusta, contentando a determinados sectores ou grupos como o OPUS.

D. Ángel Moldes sinala que o seu grupo irá aos actos que estimen por oportunos máis acertaron en non acudir xa que houbo persoas que tiveron que abandonar a reunión tras as alusións que escoltaron á "extrema esquerda". Ata a LOMCE tan so houbo leis confeccionadas polo PSOE e non acadaron moito éxito polo fracaso escolar que temos. A relixión concíbese como opcional. Non hai que mentir. O alumno que non aprobe lingua galega non pasará de curso. España é o único país no que non se pode estudar en castelán e ambos idiomas, castelán e galego son iguais. Oxalá sirva a para solventar erros de leis anteriores.

D^a Alicia Martínez lle resposta que non lles chamou a atención senón simplemente indicou que a súa actitude lle parece pouco respectuosa. Ela era unha invitada máis dun conxunto de persoas que pertencían á comunidade educativa. So coñece de tres persoas que tiveran que abandonar a reunión que comentaron que tiñan que irse por que tiñan traballo, máis non foi ao comezo.

O galego non é troncal e o máis importante é o inglés e o castelán. A relixión puntúa e sacar nota máis fácil e por tanto a escollerá máis xente. Pero estamos un país aconfesional. E ademais ese profesorado o pon o Obispado a dedo e por tanto o seu ingreso na administración prodúcese dunha maneira discriminatoria para o resto dos funcionarios e cando hai que apartalos, paga o Estado. Reitera de novo os motivos para rexeitar a norma.

Nas lei anteriores había fracasos pero tamén acertos. Hai que por medidas para repescar aos fracasados e os fillos das clases máis desfavorecidas non van a ter esas oportunidades.

D^a Consuelo Besada indica que ela non escoitou nada que se referise a "extrema esquerda" e non é das que minten. Respecto das leis do PSOE, nos derradeiros anos tivemos a xuventude mellor preparada da nosa historia e todo é mellorable. Máis a LOMCE é peor que a del do ano 70 de Franco. Os nenos teñen dereito a disfrutar dunha educación mellor a que ela recibiu.

A continuación intervén D. Gregorio Agís e sinala que a lei pretende "españolizar" e é certo que se está a recortar o público. A relixión

gana en peso aínda que é prefire persoalmente o horóscopo ou a adivinación. Indica que se está sufrir os efectos da crise inmobiliaria que incidiu como factor do fracaso permitido acceder facilmente a traballo para que os que querían abandonar os estudos. E engade que o comentario da reunión non é certo.

D. Ángel Moldes lles resposta que a persoa que lo comentou é dun ANPA e que estaría a ratificalo diante de D. Gregorio Agís e D^a Alicia...

D. Gregorio Agís reitera que a lei define unha configuración ideolóxica perigosa do Estado.

D. Xosé Luis Blanco manifesta que lle parece difícil que alguén poda defender a lei. Nos retrotrae a moitos anos atrás. Vai a estudar menos xente e por tanto haberá menos fracasos. A xente que ten máis diñeiro vai á universidade privada e saldrá cun título. Vaise voltar aos tempos da maestría e contando o grupo municipal PP cun profesor felizmente xubilado, lle costa crer que van a apoiar a lei. Alude así mesmo que a facilidade coa que se aproba a asignatura de relixión fomentará que a elixan moitos alumnos.

D^a Alicia Martínez comenta que tan so falta que volva a sección feminina: clases de cociña, por a mesa etc.

Rematado o debate e sometida a votación ordinaria, o pleno por por dez votos a favor (8 do grupo municipal BNG e 2 do grupo municipal PSOE) e sete votos en contra (7 grupo municipal PP), adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Retirar o Anteproxecto de Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).

Segundo.- Abrir o proceso de diálogo para a análise das necesidades e os obxectivos, mediante un documento aberto de traballo de obxectivos e diagnóstico.

Terceiro.- No centro deste debate estará a Comunidade Educativa, Consello Escolar do Estado, os Consellos Escolares Autonómicos, expertos educativos, as Comisións de Educación no Congreso e no Senado, os Parlamentos Autonómicos, a FEMP e a Conferencia Sectorial de Educación

3825.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG-PSOE PARA A REPROBACIÓN PÚBLICA DOS E DAS DEPUTADOS/AS QUE APROBARON A QUITACIÓN DAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 20 de maio de 2013 e que di o que segue: "Dáse conta da moción conxunta presentada polos grupos municipais do BNG e PSOE de data 23 de xaneiro de 2013 e que tras unha ampla exposición de motivos solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

"Rexeitar as políticas do Goberno central contrarias aos intereses de milleiros de familias afectadas pola fraude das participacións preferentes e subordinadas que vén como o PP legaliza o roubo dos seus aforros a través da imposición dunha quita e da imposición dun troco obrigatorio por accións de nula solvencia.

Declarar a reprobación pública no noso concello aos 15 deputados e deputadas do PP de Galiza polas graves consecuencias que o seu apoio incondicional á aprobación de normas que legalizan as quitas ás persoas titulares de participacións preferentes e débeda subordinada lle causan a milleiros de pequen@s aforrador@s e investidor@s deste concello."

Tamén dáse conta do escrito de Manuel Arís Abilleira, en representación de ANOVA-Irmandade Nacionalista, de data 2 de maio de 2013, de apoio a devandita moción.

O Sr. Barreiro Lubián quere manifestar que o tratamento que se lle está dando ao tema das preferentes non é o adecuado, parécenos cando menos reprobable.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningunha abstención e 3 votos do PP en contra acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra D. Ángel Moldes e solicita que se retire a moción da orde do día xa que supón unha ruptura da opinión unánime ás persoas afectadas polas participacións preferentes e so buscan o rendemento político.

D. Xulio Barreiro sinala que tan so busca sacar os cores dos que votan unha cousa en Santiago e outra en Madrid.

Tras unhas cortas intervencións de D. Ángel Moldes, D^a Celeste Nieto e D. Xulio Barreiro, o grupo municipal abandona o salón de sesións.

O Alcalde advirte que a moción non recolle como na moción aprobada no punto anterior a quen deben de dirixirse os acordos.

A secretaria se dirixe ao Alcalde para comentarlle que poderá indicarse polos propoñentes da moción nun momento posterior cando se estendan as certificacións dos acordos.

Toma a palabra D. Gregorio Agís para advertir que seguen a existir preferentes de entidades non financeiras como REPSOL etc que non teñen problemas xa que o verdadeiro problema é o nulo control das caixas. Non se lle pode pedir aos afectados polas preferentes máis que aos conselleiros de Pescanova.

Sometida a votación ordinaria, por por dez votos a favor (8 do grupo municipal BNG e 2 do grupo municipal PSOE) e sete abstencións (7 grupo municipal PP na forma prevista no art. 100.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro), o Pleno adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Rexeitar as políticas do Goberno central contrarias aos intereses de milleiros de familias afectadas pola fraude das participacións preferentes e subordinadas que vén como o PP legaliza o roubo dos seus aforros a través da imposición dunha quita e da imposición dun troco obrigatorio por accións de nula solvencia.

Segundo.- Declarar a reprobación pública no noso concello aos 15 deputados e deputadas do PP de Galiza polas graves consecuencias que o seu apoio incondicional á aprobación de normas que legalizan as quitas ás persoas titulares de participacións preferentes e débeda subordinada lle causan a milleiros de pequen@s aforrador@s e investidor@s deste concello

Volta de novo ao salón de sesións os membros corporativos integrantes do grupo municipal PP.

3826.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DO PSOE SOBRE AS CONSECUENCIAS DA REFORMA LOCAL DO GOBERNO NAS POLÍTICAS DE IGUALDADE.- De conformidade co establecido no Real decreto 2586/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a inclusión do presente acordo na orde do día por non ser ditaminada

previamente por comisión informativa ningunha a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE) e 7 votos en contra (7 PP).

A continuación pola Secretaría presente na sesión procédese a dar lectura ao texto da moción:

"A administración local é a institución máis próxima aos cidadáns e as cidadás, porque dá resposta ás súas necesidades máis básicas, prestando directamente servizos ou informando sobre onde acudir para solicitar os mesmos, e en moitas ocasións as únicas institucións que teñen un contacto directo coa cidadanía.

A normativa española e europea actual outorgou aos concellos a posibilidade de exercer competencias en materia de Igualdade e de violencia de xénero:

-A **Constitución Española** promove activamente a igualdade. O seu art. 9.2 mandata que *"Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas"*. Igualmente, o art. 14 proclama o dereito á Igualdade e á non discriminación por razón de sexo.

-A **Carta Europea para a Igualdade de Mulleres e Homes na vida local** (Consello de Municipios e Rexións de Europa, 2006) declara que *"As autoridades locais e rexionais, que son as esferas de goberno máis próximas á poboación, representan os niveis de intervención máis adecuados para combater a persistencia e a reprodución das desigualdades e para promover unha sociedade verdadeiramente igualitaria"*.

-A **Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes**, no seu artigo 21.2 declara que *"As Entidades Locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, para ese efecto, co resto das Administracións públicas"*.

-A **Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero** defende unha necesaria participación das corporacións locais na asistencia social integral. O art. 19 dispón que *"As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais, responderá os principios de atención permanente..."*.

En toda esta normativa faise alusión a que as entidades locais teñen un papel crave na promoción da igualdade e na prevención da violencia de xénero; así, os concellos desempeñaron ao longo de todos estes anos un papel fundamental nesta materia.

O **Anteproxecto de lei de racionalización e sustentabilidade da administración local do goberno**, usurpa aos concellos as competencias en materia de Igualdade, deixando de manifesto a súa burla cara ás políticas de Muller e de atención ás vítimas de violencia de xénero. No Anteproxecto, non se fai referencia á "muller" ou ás "políticas de Igualdade" en ningún dos apartados competenciais. En materia de Igualdade, a reforma proposta é especialmente prexudicial e contraviene toda a normativa aprobada con anterioridade.

•O anteproxecto **suprime o artigo 28 da actual Lei de Bases de Réxime Local**, que permite aos municipios *"realizar actividades complementarias das propias doutras administracións públicas e en particular as*

relativas á educación, a cultura, a **promoción da muller**, a vivenda, a sanidade e a *protección do medio ambiente*". Este artigo permitiu á maioría dos concellos levar a cabo actividades e prestar servizos de apoio á muller. A supresión deste artigo vai provocar que desaparezan os Centros municipais da Muller, Centros de Atención e información a mulleres maltratadas, que deixen de realizarse Programas de Emprego feminino, etc.

Ademais, desaparecerán servizos municipais que facilitan á muller a conciliación laboral e familiar, como son a atención e coidado da terceira idade e a dependencia, a educación de 0 a 3 anos, etc.

• **A Disposición Transitoria Novena** do Anteproxecto sobre avaliación das competencias impropias exercidas polos municipios, somete a avaliación no prazo de tres meses desde a entrada en vigor da lei, este tipo de competencias, coa consecuencia de que *"se da súa avaliación resultase a súa inadecuación? o Municipio deixará de prestalas"*. Por tanto, periga claramente o futuro de centos de centros repartidos por todo o país que actualmente atenden a decenas de miles de mulleres que quedarán sen protección coa súa desaparición.

• **O artigo 27.2 do Anteproxecto de Lei** impide que os concellos de máis de 20.000 habitantes poidan exercer *"por delegación da Comunidade Autónoma"* a promoción da igualdade da muller. Así mesmo impide que os gobernos locais poidan intervir na prevención e a detección da violencia de xénero, restando eficacia ao non poder intervir a institución máis próxima á cidadanía.

A proposta de reforma local do Goberno do Partido Popular **supón un paso atrás sen precedentes na implementación das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero no noso país**, e limita a autonomía local para responder as demandas cidadás. A reforma proposta polo PP trata, pois, de acabar con todos os servizos municipais relacionados coa promoción da muller.

O anteproxecto de lei que presenta o Goberno do PP **non consegue**, a pesar da súa denominación, **evitar as duplicidades, aclarar as competencias municipais, garantir o seu financiamento, nin producir un aforro ás arcas públicas**. O que o PP propicia é facilitar o traspaso de competencias dos Concellos, sobre todo de menos de 20.000 habitantes, ás Deputacións Provinciais. E, tras ese primeiro transvasamento, privatizar os servizos públicos locais, mediante o otorgamento de concesións administrativas a empresas, por parte das Deputacións que asumisen as competencias dos concellos.

Por iso, o grupos municipais do BNG e do PSOE solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Reafirmar a autonomía local e a transcendencia do papel das entidades locais na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e nas políticas de prevención e asistencia integral ás vítimas de violencia de xénero.

Segundo.- O Pleno deste concello defende que as entidades locais deben seguir tendo competencia en materia de igualdade de xénero, prevención e asistencia integral ás vítimas de violencia de xénero, para garantir os dereitos das mulleres.

Terceiro.- Instar o Goberno de España a que retire o Anteproxecto de Lei para a racionalización e sustentabilidade da administración local,

por supor un desmantelamento dos servizos de promoción á muller que prestan as corporacións locais, ao eliminar as competencias que veñen prestando en materia de igualdade e contra a violencia de xénero.

Cuarto.- Instar o Goberno de España a que abra un proceso de diálogo e consenso para a reforma da Lei de Bases de Réxime Local con todos os grupos parlamentarios, os sindicatos, a FEGAMP e a FEMP.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, á FEGAMP, á FEMP e aos Grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento Galego."

Toma a palabra a voceira do grupo municipal BNG e di que o PP da a entender o pouco interese que ten por este tipo de políticas e coa reforma se fomentarán as desigualdades, sendo a Administración Local a máis cercana aos interesados.

D^a Consuelo Besada manifesta que o seu grupo está en contra da reforma polo papel que se lles asigna ás deputacións, recortando as competencias dos concellos.

D^a Celeste Nieto di que a reforma garante os dereitos das mulleres e a súa financiación. E fai alusión aos termos pouco respetuosos que utilizan membros do seu partido político.

D^a Silvia Iglesias indica que as súas palabras chegan tarde por canto o concelleiro do grupo municipal do BNG xa dimitiu, polo que ben a reforzar o seu discurso e se refire ás declaracións dun membro do PP chamado Sr. Castelao.

D. Xulio Barreiro di que se houbese que reprobar a este concelleiro se que se sentaría no pleno.

D. Ángel Moldes respóstalle que lle pedirán consello a el sobre qué facer.

D. Xulio Barreiro sinala que as mulleres do PP miran para o outro lado ante as súas políticas.

D^a Consuelo Besada Lores píntese aludida e relata un episodio da súa vida cando intentou sacar o pasaporte ás súas fillas cando eran pequenas e non puido porque necesitaba o consentimento do seu marido.

D^a Celeste Nieto resposta que as mulleres do PP están de acordo coas políticas do seu partido e polo tanto tamén coa reforma.

D^a Consuelo Besada Lores destaca que o PP votou en contra da Lei de Igualdade nas Cortes e lembra que cando era concelleira durante o mandato 95-99, un concelleiro do PP lle chamou muller floreiro.

D. Silvia Salgueiro advirte que a reforma suporá a eliminación dos centros de información á muller dos concellos.

Rematado o debate, sometida a votación ordinaria, por dez votos a favor (8 do grupo municipal BNG e 2 do grupo municipal PSOE) e sete en contra (7 grupo municipal PP), o Pleno adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Reafirmar a autonomía local e a transcendencia do papel das entidades locais na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e nas políticas de prevención e asistencia integral ás vítimas de violencia de xénero.

Segundo.- O Pleno deste concello defende que as entidades locais deben seguir tendo competencia en materia de igualdade de xénero, prevención e asistencia integral ás vítimas de violencia de xénero, para garantir os dereitos das mulleres.

Terceiro.- Instar o Goberno de España a que retire o Anteproxecto de Lei para a racionalización e sustentabilidade da administración local,

por supor un desmantelamento dos servizos de promoción á muller que prestan as corporacións locais, ao eliminar as competencias que veñen prestando en materia de igualdade e contra a violencia de xénero.

Cuarto.- Instar o Goberno de España a que abra un proceso de diálogo e consenso para a reforma da Lei de Bases de Réxime Local con todos os grupos parlamentarios, os sindicatos, a FEGAMP e a FEMP.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, á FEGAMP, á FEMP e aos Grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento Galego.

3827.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DO PSOE SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO.- De conformidade co establecido no Real decreto 2586/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a inclusión do presente acordo na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), e sete votos en contra do grupo municipal do PP.

A continuación pola Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura ao texto da moción:

"A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.

Esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fiquen fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

O goberno do PP pretende co borrador de lei actual un retroceso de década que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios.

Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.

Por iso, o grupos municipais do BNG e do PSOE solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.

Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.

Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco."

O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal BNG e manifesta que reforma é propia dunha ideoloxía ultracatólica. Saca negocio dunha decisión crítica na vida unha muller, considera ás mulleres como menores de idade e lles recomenda que repensen a súa decisión por medio da RED MADRE. Parécelle unha situación regresiva e no van a permitir que estas leis lles volvan a tempos históricos.

D^a Consuelo Besada destaca que a Lei do aborto aprobouse dunha forma consensuada no ano 2010, e agora vólvese unha vez máis, cara atrás. Ao aborto en Londres para as riscas e o resto das mulleres poñendo arriscando a súa saúde. Eles anulan os matrimonios a base de cartos e a volverse a casar pola Igrexa e con corais. Qué hipocresía. Non se trata de fomentar o aborto senón a prevención e ata dita clase de medidas está a baixar por non existir financiación. É unha decisión terrible.

D^a Celeste Nieto indica que se trata dunha medida que estaba no programa electoral. A moción non ten sentido por que ni tan sequera se conta cun anteproxecto. Están de acordo co aborto, pero as mulleres deben estar asesoradas. Se é unha hipocresía lanzar mensaxes asustando á apobocación sen base amparadas en nada.

D^a Silvia Iglesias respóstalle que a moción é necesaria porque se está a tempo e lle pregunta por qué non saca a relucir o resto das medidas que tamén estaban recollidas no seu programas.

D^a Celeste Nieto indica que as medidas que houbo que modificar responden a unha imposición exterior.

D. Xosé Luis Blanco díx que fan realidade o refrán de que os tempos pasados foron mellores e o están cumprindo en todo.

D. Gregorio Agís destaca que o Ministro apuntou que no caso de malformación, a criatura debe nacer.

D^a Lidia Salgueiro resalta a contradición existente que en con determinada idade non se podan tomar unha decisión e sí casarse ou ir a xuízo.

D. Xulio Barreiro destaca que dentro dos programas electorais máis incumpridos de toda a historia está o do PP e que incluso pode consultarse e fai referencia a un informe da OCDE. Imaxínase ao peor e alude ao caso acontecido no Salvador nas derradeiras semanas. E engade que os que van a confeccionar a a lei, son os membros da Conferencia Episcopal.

Rematado o debate, sometida a votación ordinaria, por por dez votos a favor (8 do grupo municipal BNG e 2 do grupo municipal PSOE) e sete abstencións (7 grupo municipal PP), o Pleno adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.

Cuarto.- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.

Neste momento abandona o salón D. Javier Domínguez.

3828.- MOCIÓN SOBRE O MANTEMENTO DOS XULGADOS DE PAZ E DA GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS.- De conformidade co establecido no Real decreto 2586/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a inclusión do presente acordo na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE) e seis votos en contra do PP.

A continuación pola Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura ao texto da moción:

“Tivemos coñecemento a través dos medios de comunicación así como co borrador da LOPX e do Rexistro Civil, que o Goberno de España baralla a supresión tanto dos Xulgados de Paz como dos Rexistros Civís.

Respecto dos Xulgados de Paz, o Ministro Gallardón pretende que se eliminen totalmente e para sempre, o que sería un erro histórico, xa que

afonda máis nas políticas de "afastamento dos xusticiables da xustiza". É ben coñecida a importante función que veñen levando a cabo con moi poucos medios os Xulgados de Paz, desempeñando trámites de auxilio xudicial que evitan que as persoas usuarias se teñan que desprazar á cabeza dos distintos partidos xudiciais cos conseguíntes custes que conleva. Por isto, queremos recoñecer e defender a función que veñen desempeñando os Xulgados de Paz e consideramos que é procedente unha reorganización dos mesmos, agrupando as secretarías dos pequenos municipios limítrofes, profesionalizando ao seu persoal e dotándoos de mais servizos.

En canto os Rexistros Cívís, dende o Goberno non só se pretende a súa supresión, senón que sexan os Rexistradores da Propiedade os que pasen a desempeñar as súas funcións, algo que nin sequera ven claro os propios Rexistradores e Rexistradoras, por canto solicitan que sexan os usuarios os que asuman o custe do servizo. Isto suporía que servizos ata o de agora gratuítos, como solicitar unha certificación de nacemento, de defunción etc., servizos dos que toda a cidadanía fai uso con frecuencia, deixen de selo e pasen a ser de pago, o que parece que tamén é o obxectivo do PP na presente lexislatura.

Resulta claro que as medidas de reforma que se pretenden adoptar por parte do Goberno do PP redundan nun grave prexuízo para a veciñanza, e distan moito dun modelo de Administración de Xustiza e do Rexistro Civil moderno que teña como finalidade un servizo público de xustiza de calidade, prestado nun tempo razoable, gratuíto, e adaptado ás necesidades do noso país.

Por iso, o grupos municipais do BNG e do PSOE solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

- Expresar o total rexeitamento ao borrador de Anteproxecto de Lei de Reforma da LOPX e do Rexistro Civil.

- Instar o goberno da Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España que:

*Se manteñan os Xulgados de Paz.

*Se doten estes Xulgados dos medios adecuados e da profesionalización dos seus traballadores e traballadoras.

*Se garanta a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Cívís.

- Dar traslado deste acordo o Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno de España."

Toma a palabra a voceira do grupo municipal do BNG quen defende o contido da moción e pide a maior profesionalización da Xustiza que se demora durante moito tempo.

D^a Consuelo Besada Lores destaca que os Xulgados de Paz permiten resolver pequenos problemas evitando pagar a un avogado, e agora por encima da crise, para todo hai que acudir aos Xulgados e con taxas máis altas. E reitera o seu discurso, e lamenta que os servizos públicos deixen de ser gratuítos.

Rematado o debate, sometida a votación ordinaria, por por dez votos a favor (8 do grupo municipal BNG e 2 do grupo municipal PSOE) e sete abstencións (7 grupo municipal PP), o Pleno adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Expresar o total rexeitamento ao borrador de Anteproxecto de Lei de Reforma da LOPX e do Rexistro Civil.

Segundo.- Instar o goberno da Xunta de Galicia a solicitar do

Gobierno de España que:

*Se manteñan os Xulgados de Paz.

*Se doten estes Xulgados dos medios adecuados e da profesionalización dos seus traballadores e traballadoras.

*Se garanta a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Cívís.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo o Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno de España."

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e trinta e oito minutos, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.